PROGRAMACIÓN DO ITINERARIO DE PEDAGOXÍA

1.- CONTEXTUALIZACIÓN

A lei 2/2006, de 3 de maio, de educación, incide especialmente nas ensinanzas artísticas que teñen como finalidade proporcionar aos alumnos una formación artística de calidade. O Real Decreto 1577/2006, de 22 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. A materia **Pedagoxía** non se recolle neste Real Decreto como materia de aspectos básicos aínda que sí a recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música específico para a comunidade autónoma de Galicia. Segundo o Decreto, a materia de Pedagoxía forma parte dun dos itinerarios posibles para continuar os estudos de Grao Superior, tanto na opción de pedagoxía do instrumento coma na de pedagoxía da linguaxe e da educación musical. Este itinerario posibilítalle ao alumnado o acceso ao coñecemento dos principios que rexen o ensino musical e a súa forma de transmisión. Preténdese posibilitarlle uns criterios de actuación concretos, partindo do coñecemento e da comprensión dos recursos das principias escolas pedagóxicas. A materia impartirase no 6º curso de Grao Profesional cunha duración dunha hora semanal.

2.- OBXECTIVOS

- Coñecer as escolas pedagóxicas e os seus recursos pedagóxicos no ensino da música.
- Comprender as fases do desenvolvemento evolutivo.
- Coñecer e comprender os principios da psicopedagoxía xeral e a súa aplicación no ensino musical.
- Recoñecer os elementos de proceso didáctico en xeral, e do modelo proposto pola LOE en particular.
- Deseñar, desenvolver e avaliar unidades didácticas dentro do marco das programacións de aula.
- Valorar as materias e os recursos didácticos propios do ensino da música en Galicia.

3.- CONTIDOS

3.1.- Secuenciación de contidos.

PRIMEIRA AVALIACIÓN

- Principios da educación musical. Conceptos de educación, pedagoxía e didáctica.
- Historia da educación musical.
- Fases do desenvolvemento evolutivo e a súa aplicación no ensino da música: Piaget e os estadios evolutivos do neno.
- As escolas pedagóxicas e os seus recursos aplicados no ensino da música: Kodaly, Dalcroze, Willems, Orff, Wuytack, Ward, Tonic Sol-Fa, Martenot, Chevais...
- Aproximación á didáctica.

SEGUNDA AVALIACIÓN

- Métodos e sistemas actuais da pedagoxía musical.
- Teoría do ensino e deseño curricular: concepto de currículo.
- Compoñentes do deseño curricular: obxectivos, contidos, métodos de ensino, actividades, interacción na aula, aspectos organizativos e avaliación.
- Programación e avaliación.
- Orientacións metodolóxicas para o desenvolvemento da actividade na aula atendendo á especialidade ou familia instrumental.

TERCEIRA AVALIACIÓN

- O profesorado como planificador. As programacións de aula e as unidades didácticas.
- Contidos, recursos didácticos e materiais para o ensino da música: instrumentos, libros de texto, cadernos de actividades, medios audiovisuais, etc. Análise crítico dos mesmos.
- As novas tecnoloxías aplicadas á didáctica musical.
- O concerto como recurso didáctico.
- Correntes actuais na didáctica do ensino da música.
- O currículo das ensinanzas musicais en Galicia: Obxectivos, contidos e orientacións metodolóxicas.
- O ensino da música noutros niveis educativos.
- Técnicas de motivación e estudo.

3.2. Contidos mínimos esixibles.

- Principios da educación musical: conceptos de educación, pedagoxía e didáctica.
- As escolas pedagóxicas e os seus recursos aplicados no ensino da música: Kodaly, Dalcroze, Willems, Orff.
- Concepto de currículo.
- Compoñentes do deseño curricular: obxectivos, contidos, metodoloxía e avaliación.
- Compoñentes das unidades didácticas.

4.- METODOLOXÍA

Xa que a materia de pedagoxía debe preparar aos nosos alumnos para afrontar os estudos superiores de pedagoxía dos instrumentos ou de didáctica da linguaxe e da educación musical, será moi importante atender a esas tres vertentes: o ensino instrumental, o ensino da linguaxe musical e o ensino musical en ámbitos diferentes ao conservatorio.

Intentarase que os alumnos se impliquen activamente na materia e poidan levar á práctica o explicado en clase. Por iso, antes de explicar os aspectos básicos dos distintos métodos de ensino musical dende un punto de vista teórico, os alumnos veranse inmersos nunha clase práctica deseñada segundo os devanditos métodos. Así, potenciaremos a aprendizaxe por descubrimento.
Tamén se potenciará a elaboración de recursos e materiais didácticos polos propios alumnos e o desenvolvemento do seu espírito crítico, tan necesario á hora de seleccionar materiais e escoller métodos de ensino. É importante promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción como motor de aprendizaxe. Isto intentarase non só na aula, senón tamén en todo o ámbito do conservatorio, procurando que os alumnos acudan a concertos didácticos ou conferencias que poidan desenvolverse no centro.

A aprendizaxe debe propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado ou que favorezan a potenciación da motivación que sinte, de xeito natural, ante o fenómeno musical. Á vez, crear contextos de aprendizaxe que lles obriguen a ter presentes os contidos xa coñecidos e garantir a construcción de aprendizaxes significativas e en espiral a través da necesidade de recordar os coñecementos adquiridos previamente. Por iso, faise necesario volver sobre os contidos impartidos que se relacionen co que se está estudando no momento, así como sobre os coñecementos aprendidos noutras materias que apoien a adquisición de aprendizaxes en cada momento.

4.1.- Recursos didácticos.

Nomearemos en xeral, os seguintes:

4.1.1.- Recursos espaciais.

O aula. Exteriores do aula onde se puideran desenvolver actividades relacionadas coa materia (concertos didácticos, conferencias...) tales como teatros, salas de concertos, etc…

4.1.2.- Recursos materiais.

Medios audiovisuais: reprodutor de CD, ordenador e pizarra dixital.

Libros da bibliografía.

Partituras das clases de instrumento e de linguaxe musical.

Instrumentos: piano, instrumental Orff...

4.1.3.- Recursos persoais.

Profesorado, alumnado, pais, nais ou titores. Músicos que leven a cabo concertos didácticos, conferencias, etc.

5.- AVALIACIÓN

Avaliar supón facer un seguimento puntual e rigoroso do proceso de ensinanza – aprendizaxe, tratando de valorar adecuadamente os logros, reflexionando os medios postos para a súa consecución. Buscando tamén detectar enseguida os erros para corrixilos no momento e reconducir as situación; analizando qué foi o que motivou o erro para non incorrer de novo nel. A avaliación é un coidadoso proceso presidido por dous termos ineludibles: observación e reflexión.

Observación diaria –con recollida precisa de datos que impidan o esquecemento e a confusión- do traballo de cada alumno e alumna, a súa evolución, a súa actitude ante a materia; os seus avances respecto a posición anteriores, erros ou estancamentos que puideran aparecer. Afrontar os problemas inmediatamente despois de orixinarse, reflexionando como facelo e compartindo co alumnado as nosas observacións, facéndoo partícipe e corresponsable da súa formación, impedirá perder o tempo que media entre o momento en que o erro se introduce nunha liña de compresión e aquel –que pode ser moi distanciado no tempo- no que o detectamos. Neste proceso de reflexión non avaliamos sómente o comportamento do alumnado senón tamén os procedementos que nos utilizamos, a idoneidade da programación, a precisión das nosas valoracións iniciais sobre cada alumno ou alumna, etc. É dicir, que avaliamos todos e cada un dos aspectos da tarefa, con implicación de todos os protagonistas e coas circunstancias e variables que operan nela.

5.1. Criterios de avaliación

- Demostrar o coñecemento dos principios pedagóxicos do ensino musical.

- Este criterio pretende avaliar a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para elaborar unha pedagoxía musical adecuada.

- Demostrar o coñecemento dos métodos e dos sistemas actuais da pedagoxía musical, así como as súas aplicacións máis frecuentes.

- Mediante este criterio valórase a comprensión do alumnado en relación cos sistemas musicais e a súa utilización no ensino da música.

- Expor temas de música, facendo uso de recursos didácticos e materiais de novas tecnoloxías que axuden a desenvolver os contidos de cada tema. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento e o desenvolvemento dos recursos e dos materiais educativos tradicionais e actuais, así como as posibilidades que poden ofrecer na pedagoxía
musical.

- Analizar e interpretar obras adecuadas de diversas épocas e estilos co seu instrumento principal, facendo referencia ás orientacións metodolóxicas propias dese instrumento. Trátase de constatar o grao de coñecemento e de madureza do alumnado, así como os seus recursos, para explicar os criterios estéticos correspondentes.

- Presentar e defender unha programación didáctica para un determinado nivel do seu instrumento principal. Preténdese comprobar se os elementos que forman unha programación didáctica están básicamente comprendidos.

- Impartir unha clase con referencia a un tema musical delimitado para un determinado nivel das ensinanzas profesionais de música. Con este criterio comprobarase o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto ao coñecemento do deseño curricular da LOE, a asimilación dos seus obxectivos e a capacidade de entendemento dos conceptos
pedagóxicos explicados, así como as súas posibilidades para estruturar unha unidade didáctica.

5.2.- Procedementos de avaliación

As probas trimestrais consistirán en exames teóricos e traballos prácticos. Os traballos prácticos serán os seguintes:

- Elaboración dos aspectos básicos da programación dun curso do instrumento principal do alumno: obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación...

- Elaboración e exposición dunha unidade didáctica de linguaxe musical.

- Análise crítico de pezas musicais dende o punto de vista pedagóxico.

- Elaboración de materiais didácticos.

5. 3.- Criterios de cualificación

A nota final será una cualificación numérica do 1 a 10, sen decimais, e calcularase a partir da nota media dos distintos traballos e exames realizados ao longo do curso. Para aqueles alumnos que acudan regularmente a clase e teñan dereito a avaliación continua, a nota media obtida nos exames suporá o 50% da nota final. A nota media dos traballos entregados suporá o outro 50%. Para superar a materia, os alumnos terán que obter unha nota final igual ou superior a 5. Os alumnos que non superaran a materia na convocatoria de xuño poderán presentarse ao exame de setembro.

5.4.- Perda do dereito á avaliación continua

Tal como se contempla no Regulamento de Réxime Interno, os/as alumnos/as que superen tres faltas por trimestre nas materias cun tempo lectivo dunha hora semanal, poderán verse privados da avaliación continua, sendo o procedemento substitutorio de avaliación a realización dunha proba específica.

A proba consistirá nun exame e na entrega (o mesmo día do exame teórico) de dous traballos elaborados polo alumno. O exame terá unha parte teórica que abranguerá os contidos de todo o curso e unha parte práctica consistente na análise pedagóxica dunha peza musical.

Os dous traballos a entregar serán os seguintes:

- Unha programación didáctica dun curso do instrumento do alumno.
- Unha unidade didáctica dun curso de linguaxe musical: nivel de grao profesional.

A entrega destes traballos será obrigatoria para calcular a nota media dos traballos e o exame e poder superar a materia. Na proba de perda da avaliación continua, o exame suporá o 70 % da nota final e os traballos o 30 %.

5.5.- Exame de setembro

O exame de setembro terá as mesmas características que o exame de perda da avaliación continua. Igualmente, nesta proba o exame suporá un 70 % da nota final e os traballos un 30 %. A diferenza das porcentaxes con respecto aos do curso explícase polo menor número de traballos a entregar en setembro e pola imposibilidade de expoñelos.

Os alumnos suspensos en xuño que aprobasen os traballos da programación e da unidade didáctica, e que así téñano reflectido no informe de avaliación negativa de xuño (indicando a cualificación numérica destes traballos), quedarán exentos de entregar estes traballos en setembro. Non é posible quedar exento de realizar a parte do exame teórico-práctico, aínda que se tivesen aprobados os exames trimestrais.

6.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

6.1.- Alumnado estranxeiro.

Os dous problemas máis destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plan de estudos, nalgunhas zonas extremadamente ligados á práctica instrumental, case exclusivamente). O principio de integración para por coidar as actividades expostas, intentando aproveitar os coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo, os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país…).

No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedimental das nosas ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos coidarase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de xeito que a súa integración se vexa favorecida.

6.2.- Superdotación intelectual.

Defínese como individuo superdotado a aquel que posúe aptitudes excepcionais e, polo tanto, é capaz dun rendemento superior á media. No Real Decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos nivei e etapas do sistema educativo para o alumnado superdotado intelectualmente, trata no seu artigo 9 sobre os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveis para o alumnado superdotado intelectualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda por idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral.

Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica cara este alumnado.

É preciso distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Unha persoa ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para una faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados compre engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no Real Decreto 943/2003, ou ben elaborando actividades de ampliación (é dicir, de maior dificultade que as previstas para o curso), de xeito que poida render segundo as súas propias capacidades.

6.3.- Alumnado con necesidades educativas especiais.

A atención á diversidade chega ao seu máximo expoñente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación ao recursos materiais (tales como o xeito de dispor o aula), ou unha adecuación dos elementos do currículo adaptación da secuencia de contidos e dos criterios de avaliación).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, (son coñecidos numerosos exemplos de compositores ou de intérpretes discapacitados), pero si é habitual que se considere, erradamente, que o suxeto non responderá de xeito igual aos estímulos musicais que o individuo plenamente capacitado. Nada mais lonxe da verdade, xa que como facultade humana a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero, ademais, no alumando discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación (ou auto estimulación), ou sobre o xeito de asumir o seu problema.

7. Rúbricas.

Avaliación ordinaria

	4 Sempre	3 Case sempre	2 Ás veces	1 Case nunca
Traballo na clase	**3,5**	**2,6**	**1,75**	**0,87**
Traballo Autónomo	**3,5**	**2,6**	**1,75**	**0,87**
Aplicacións prácticas	**3**	**2,25**	**1,5**	**0,75**

Avaliación extraordinaria

	4 Sempre	3Case sempre	2 Ás veces	1 Case nunca
Coñecementos teóricos	5	3,75	2,5	1,25
Resolución de supostos prácticos sobre a materia aplicando coñecementos sobre métodos pedagógicos recollidos nesta programación	5	3,75	2,5	1,25

8. - BIBLIOGRAFÍA.

— ARAVAL (Grupo).: *Temas de lenguaje musical.* Piles, Valencia, 1995.

— BACHMANN, M. L.: *La rítmica Jaques-Dalcroze. Una educación por la música y para la música.* Pirámide, Madrid, 1998.

— BERNSTEIN, L.: *El maestro invita a un concierto.* Siruela, Madrid, 2002.

— DELALANDE, F.: *La música es un juego de niños.* Ricordi, Buenos Aires, 1995.

— GIRÁLDEZ, A.: *Internet y educación musical.* Graó, Barcelona, 2005.

— HEGYI, E: *Método Kódaly de solfeo* (2 vols.) Pirámide, Madrid, 1999.

— HEMSY DE GAINZA, V.: *La iniciación musical del niño.* Ricordi, Buenos Aires, 1964.

— HEMSY DE GAINZA, V.: *Nuevas perspectivas de la educación musical.* Guadalupe, Buenos Aires, 1990.

— HEMSY DE GAINZA, V.: *La educación musical entre dos siglos: del modelo metodológico a los nuevos paradigmas.* Victoria-Buenos Aires: Universidad de San Andrés, 2003.

— KODALY, Z.: *Cantemos correctamente* (6 volúmenes) Boosey & Hawks, Londres, 1967

— KODALY, Z. *Bicinia Hungarica.* Boosey & Hawks, Londres, 1962.

— KODALY, Z. *Tricinia Hungarica.* Boosey & Hawks, Londres, 1964.

— KUHN, C.: *La formación musical del oído.* Labor, Barcelona, 1988. ~ 10 ~ *CONSERVATORIO PROFESIONAL DE RIVEIRA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE PEDAGOXÍA, CURSO 2010/2011*

— LÓPEZ DE ARENOSA, E.: *Apuntes sobre didáctica musical*, Enclave Creativa, Madrid, 2004.

— LLONGUERES, J.: *El ritmo en la educación y formación general de la infancia*, DINSIC, Barcelona, 2002. (Labor, Barcelona, 1942)

— MANEVEAU, G.: *Música y educación*, Rialp, Madrid, 1993.

— MARTENOT, M.: *Principios fundamentales de educación musical y su aplicación*. Rialp, Madrid, 1993

— MURRAY SCHAFER, R.: *El compositor en el aula*. Ricordi, Buenos Aires, 1965.

— MURRAY SCHAFER, R.: *Limpieza de oídos*. Ricordi, Buenos Aires, 1967.

— MURRAY SCHAFER, R.: *El nuevo paisaje sonoro*. Ricordi, Buenos Aires, 1969.

— MURRAY SCHAFER, R.: *Cuando las palabras* cantan. Ricordi, Buenos Aires, 1970.

— MURRAY SCHAFER, R.: *El rinoceronte en el aula*, Ricordi, Buenos Aires, 1975.

— MURRAY SCHAFER, R.: *Hacia una educación sonora*. Radio educación, México, 2005.

— ORFF, C.: *Orff Schulwerk. Música para niños*. Barry, Buenos Aires, 1961.

— VANDERSPAR, E.: *Manual Jaques-Dalcroze. Principios y recomendaciones para la enseñanza de la rítmica*. Ed. Llongueres, Barcelona, 1990.

— VV.AA: *La educación musical en Hungría*. Real Musical, Madrid, 1981.

— VV.AA: *Modelos de programacións didácticas para as ensinanzas profesionais de música*, Dos Acordes, Pontevedra, 2008.

— WARD, J.: *Método Ward*. Desclée, París, 1964.

— WILLEMS, E.: *Las bases psicológicas de la educación musical*. Eudeba. Buenos Aires, 1961.

— WILLEMS, E.: *La preparación musical de los más pequeños*. Eudeba, Buenos Aires, 1962.

— WILLEMS, E.: *El ritmo musical*. Editorial Universitaria, Buenos Aires, 1964.

— WILLEMS, E.: *El valor humano de la educación musical*. Paidós, Barcelona, 1981.

— WILLEMS, E.: *El oído musical*. Paidós, Barcelona, 2001.

— WUYTACK, J. y BOAL PALHEIROS, G.: *La audición musical activa*. Associaçao Wuytack de Pedagogía Musical, Porto, 1996.

— *Lexislación de ensinanzas elementais e profesionais de música e de danza en Galicia*, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Santiago de Compostela, 2008.

— Revista *Música y Educación*. Ed. Musicalis.